

M e m o r i a
d e
a c t i v i d a d e s



2023 - 2024

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN

II. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEMANAIS

III. RELACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTO

- **Departamento de Matemáticas**
- **Departamento de Economía**
- **Departamento de Xeografía e Historia**
- **Departamento de Educación Física**
- **Departamento de Filosofía**
- **Departamento de Ciencias**
- **Departamento de Tecnoloxía**
- **Departamento de Francés**
- **Departamento de Inglés**
- **Departamento de Lingua Galega**
- **Departamento de Física e Química**
- **Departamento de Latín e Grego**
- **Departamento de Plástica**
- **Departamento de Actividades complementarias e extraescolares**

IV. VISITAS AO MUSEO DO IES OTERO PEDRAYO

V. MEMORIA DO BANCO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

VI. PLANS PROXECTA, CONTRATOS-PROGRAMA, CLUB DE CIENCIAS

I. INTRODUCCIÓN

As actividades extraescolares e complementarias forman parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe do IES Otero Pedrayo e teñen por obxecto completar a formación do alumnado, desenvolvendo a súa iniciativa, creatividade, convivencia en grupo, respecto cara á diversidade e sentido crítico.

A magnífica ubicación do noso instituto, en pleno centro de Ourense, xunto cun orzamento específico para este fin, permítenos que o abano ofertado de actividades fóra do centro sexa amplísimo. Visitas a exposicións, participación en olimpíadas (de Matemáticas, de Bioloxía, de Xeoloxía, de Química, de Historia, de Grego...), visitas a fábricas, excursións, múltiples accións ao aire libre... foron algunhas das actividades das que o alumnado do IES Otero Pedrayo puido gozar neste curso de total normalidade, 2023- 2024. Pero, sen dúbida, o máis destacado foi a volta das viaxes culturais ao centro: Picos de Europa (2º ESO), O Porto (3º ESO), Londres (4º ESO), Italia (1º BAC)...

En canto ás actividades desenvolvidas dentro do centro, poderíamos citar festivais, musicais, proxección de curtametraxes, charlas sobre diferentes temáticas, obradoiros, representacións teatrais no noso Paraninfo, encontro con escritores e escritoras, exposicións, clubs de lectura, actuacións musicais... Hai que engadir que este ano, ademais, o Otero Pedrayo contou co desenvolvemento de tres plans de innovación educativa (Plans Proxecta), que completaron cualitativa e cuantitativamente a oferta de actividades, ademais dos oitos Contrato-Programa. Tamén desenvolvemos un completo Club de Ciencias.

Todas estas actividades son publicitadas a través da páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesoteroPedraioOurense/>) e de redes sociais como Facebook (<https://www.facebook.com/InstitutoOteroPedraioOurense>).

A actividade levada a cabo no centro é proposta polos diferentes departamentos, así como polo propio Departamento de Actividades, dependente de Vicedirección, desde onde se leva a cabo a coordinación de todas elas. Os obxectivos marcados a comezos de curso foron os seguintes:

- Procurar a participación e implicación de toda a comunidade educativa. Propuxemos actividades dirixidas ao noso alumnado (a maioría) , pero tamén ao profesorado e persoal non docente

(charlas, conferencias ou cursos de formación, por exemplo) e actividades nas que participaron as familias (o entroido).

- Visibilizar as actividades desenvolvidas no noso centro de ensino. Para iso, todas as semanas lle enviamos ao profesorado, vía mail, unha relación da planificación semanal. Unha vez rematada cada unha das actividades, subímola á páxina web (“Web dinámica”- “Actividades extraescolares”) e ás redes sociais (Facebook e Instagram).
- Fomentar valores como o da igualdade entre homes e mulleres, o respecto á diversidade (calquera que esta sexa) e o amor cara á nosa lingua.

Antes de rematar esta introdución, é de xustiza destacar o labor magnífico de programación de actividades por parte do Departamento de Orientación, a Biblioteca e o Equipo de Dinamización Lingüística. Tamén cómpre salientar o labor en equipo dun dos departamentos chave á hora da programación de actividades: o departamento de Educación Física. Grazas a todos eles polo seu bo facer, así como as grazas máis sinceras ao resto dos departamentos que aportaron o seu gran de area para poder levar a cabo un plan de actividades tan ambicioso como o que se detalla a continuación.


Olga Quintana Devesa
Vicedirectora do IES Otero Pedrayo


II. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEMANAIS

CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES SEMANAIS PRESENCIAIS


O profesorado recibe no seu correo, semanalmente, un cadro coas actividades programadas e coordinadas desde Vicedirección. Este mesmo cadro tamén se proxecta na pantalla da entrada do edificio principal. É por este último medio polo que o alumnado tamén é coñecedor de toda a actividade que van ter.

 ACTIVIDADES (25- 29 DE SETEMBRO)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
MARTES, 26	Día Europeo das linguas. Información no pantallón da entrada	Entada do edificio histórico	Todo o día	ESO BAC	Equipo da Biblioteca
	Reunión coas familias	Paraninfo	19.00h- 20.45h	ESO BAC	Equipo directivo e titores/ titoras
XOVES, 28	Conferencia: "Educación cívico-tributaria". Alberto Vaquero	Paraninfo	11.30h- 12.20h	Alumnado de Economía 1º BAC (1º B, C, Xeral)	Departamento de Economía
	Visita ao museo do IES Otero Pedrayo de Ourense	Edificio histórico	11.30h- 12.20h	1º BAC F	Pilar Rodríguez


 ACTIVIDADES 2- 6 DE OUTUBRO)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 2	DÍA DAS AVES. Visionado de presentación e posterior maratón ornitolóxico e colocación de casan- niño no Posío.	Posío	12.20h- 13.10h	1º ESO D	Luz Blanco Olga Quintana
			13.10h- 14.00h	1º ESO A	Luz Blanco Olga Quintana
MARTES, 3	DÍA DAS AVES. Visionado de presentación e posterior maratón ornitolóxico e colocación de casan- niño no Posío.	Posío	8.30h- 9.20h	1º ESO B	J. M. Puente Alejo Diz
			9.20h- 10.10h	1º ESO C	Pilar Rodríguez Belén Pérez Paula Álvarez
MÉRCORES 4	Visita guiada ao museo pedagóxico do IES Otero Pedrayo	Edificio histórico	10.10h- 11.00h	1º BAC A	Pilar Rodríguez Soledad Rodríguez
XOVES, 5	Visita guiada ao museo pedagóxico do IES Otero Pedrayo	Edificio histórico	11.30h- 12.20h	1º BAC B	Pilar Rodríguez Chus Andrade

 ACTIVIDADES (9- 11 DE OUTUBRO)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES


LUNS, 9	<i>A dobraxe en galego. Un modelo de normalización.</i> Visionado do documental e posterior charla con Chema Gagino, da produtora <i>Recrea Films</i>	Paraninfo	9.20h-10.30h	Alumnado de TIC de 1º BAC *Haberá unha listaxe encima da mesa do profesor para poder pasar lista	Fernando del Río Profesorado que teña clase con este alumnado a esta hora.
	Visita guiada ao museo pedagóxico do IES Otero Pedrayo	Edificio histórico	12.20h-13.10h	1º BAC E	J.M. Puente Pilar Rodríguez
MARTES, 10	Visita a Trasalba (Fundación Otero Pedrayo e arredores)	Trasalba	14.00h-18.00h	Alumnado STEMBAC	Daniel Lorenzo Olga Quintana
	Visita guiada ao museo pedagóxico do IES Otero Pedrayo	Edificio histórico	10.10h-11.00h	1º BAC C	Pilar Rodríguez Antonio Fernández

 ACTIVIDADES (16- 20 DE OUTUBRO)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 16	DÍA DAS ESCRITORAS Lectura de textos seleccionados pola escritora Marta Sanz, por iniciativa da Biblioteca Nacional. -Exposición de libros escritos por escritoras.	Edificio histórico		ESO BAC	Equipo de Biblioteca
	DÍA DAS ESCRITORAS Exposición: "Escritoras. Safo de Lesbos" .	Corredor da Biblioteca. Edificio histórico		ESO BAC	Departamento de Grego

	“Si controlas, vuelves” . Asociación pola prevención de accidentes de tráfico e ONG de atención a vítimas de accidentes.	Aula de referencia	Hora de Tutoría	4º ESO B 4º ESO C	Departamento de Orientación
XOVES, 19	“Si controlas, vuelves” . Asociación pola prevención de accidentes de tráfico e ONG de atención a vítimas de accidentes.	Aula de referencia	Hora de Tutoría	4º ESO A	Departamento de Orientación

 ACTIVIDADES (23- 27 DE OUTUBRO)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 23	Programa VIXÍA. Habilidades sociais e resolución de conflitos.	Aula de referencia	Tutoría	1º ESO B 1º ESO C 1º ESO D	Titor- titora Departamento de Orientación
	“Si controlas, vuelves” . AESLEME: Asociación pola prevención de accidentes de tráfico e ONG de atención a vítimas de accidentes.	Aula de referencia	Tutoría	4º ESO D	Titor- titora Departamento de Orientación
MARTES, 24	Programa de prevención de condutas violentas: acoso escolar + habilidades sociais	Aula de referencia	Tutoría	2º ESO A	Titor- titora Departamento de Orientación
MÉRCORES, 25	Programa de prevención de condutas violentas: acoso escolar + habilidades sociais	Aula de referencia	Tutoría	2º ESO C	Titor- titora Departamento de Orientación
XOVES, 26	Saída didáctica con visita a Aquis Quærquennis, Bande, outros restos romanos da contorna e Santa Comba	Bande e contorna	9.30h- 18.00h	Alumnado de Cultura Clásica de 3º ESO e 4º ESO PDC	Ana Gloria Alonso

	Visita ao noso museo pedagóxico	Edificio histórico	11.30h-12.20h	1º BAC F	Pilar Rodríguez Belén P. Yáñez
VENRES, 27	Programa VIXÍA. Habilidades sociais e resolución de conflitos.	Aula de referencia	Titoría	1º ESO A	Titora Departamento de Orientación

 ACTIVIDADES (6- 10 NOVEMBRO)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 6	Charla- obradoiro "Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais".	Paraninfo	8.30h-11.00h	Alumnado de 3º ESO Dixitalización	Departamento de Tecnoloxía
MARTES, 7	Programa de prevención de condutas violentas: acoso escolar + habilidades sociais	Aula de referencia	Titoría	2º ESO B	Rosa Fernández Vázquez Departamento de Orientación
	"Educando en xustiza". Asistencia a un xuízo	Pazo de Xustiza. Sala do Penal, nº 2	8.30h-11.30h	4º ESO B	Margarita Alfonso Celso Chao Corbal
VENRES, 10	Magosto: - Xogos populares - Obradoiro de zonchos - Concurso de sobremesas - Castañas e música	Patio exterior	11.30h-14.00h	ESO	Profesorado que teña clase co alumnado ás tres últimas horas.



ACTIVIDADES (13-17 NOVEMBRO)


DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
MARTES, 14	Programa VIXÍA : Educación para a saúde: As novas adicións. Non pasa nada, pasa algo?	Aula de referencia	Titoría	2º ESO B	Rosa Fernández Departamento Orientación




ACTIVIDADES (20- 24 NOVEMBRO)


DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
MARTES, 21	Obradoiro de escrita con Juan Tallón.	Aula de referencia	13.00h- 14.00h	1º BAC D	Alejo Diz J.L. Piñeiro
	Visita dos usuarios do Centro Interxeracional da Farixa: museo e biblioteca. (Contrato Programa Inclúe)	Edificio histórico	11.30h- 13.00h		Olga Quintana
	Programa de prevención de condutas violentas: Acoso escolar + habilidades sociais	Aula de referencia	Titoría	2º ESO B	Rosa Fernández
MÉRCORES, 22 DÍA DA MÚSICA	Acto de celebración do Día da Música (22 de novembro) e Día contra a violencia cara a muller (25 de novembro)	Parainfo	8.30h- 9.30h	1º ESO	J.L. Piñeiro Susana Iglesias Alejo Diz Sophie Monboisse Luz Blanco J.M. Puente

XOVES, 23	Fotos Orla 2º BAC	Xefatura anexo	A partir das 9.20h.	2º BAC	Olga Quintana
VENRES, 24	“Voando con números”	Aula Newton. Tecnópole	9.20h- 13.45h	32 alumnos e alumnas de 2º ESO A e 2º ESO C	Ángeles González Roberto González
25N, DÍA CONTRA A VIOLENCIA CARA A MULLER					
<p>DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lectura do manifesto no patio exterior e colga da pancarta na fachada do edificio histórico. - En negro contra a violencia: o venres vestimos de negro. - Reparto de pulseiras á entrada do edificio histórico. - Bolboretas pola liberdade 					


 <p>ACTIVIDADES (30 outubro- 3 novembro)</p>					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 30	Visita ao noso museo pedagóxico	Edificio histórico	11.30h- 12.20h	1º ESO C	J.M.Puente Pilar Rodríguez
	“Educando en xustiza” Aistencia a un xuízo no Xulgado Penal nº 2 de Ourense	Pazo de Xustiza de Ourense	9.20h- 11.30h	4º ESO A	Daniel Lorenzo Lorena Barandela
MARTES, 31	Visita ao noso museo pedagóxico	Edificio histórico	9.20h- 10.10h	1º ESO A	Alejo Diz J. L. Piñeiro Pilar Rodríguez
			10.10h- 11.00h	1º ESO D	Luz Blanco Pilar Rodríguez


	“Educando en xustiza” Aistencia a un xuízo no Xulgado Penal nº2 de Ourense	Pazo de xustiza de Ourense	9.20H-11.30H	4º ESO C	Carolina Suárez Olga Quintana
VENRES, 3	Visita ao noso museo pedagóxico	Edificio histórico	12.20h-13.10h	1º ESO B	J.M.Puente Pilar Rodríguez

 ACTIVIDADES (27 novembro- 1 decembro)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 27	25N Charla obradoiro sobre a trata de mulleres no século XXI	Paraninfo	16. 50h	4º ESO A, B, C, D	María Barreira Pedro V. Martín Carolina Suárez Yolanda Domarco
VENRES, 1	Campionato escolar de Atletismo	Expourense	8.30h-14.00h	Alumnado de 1º e 2º ESO.	Anxo Cid Eduardo Iglesias

 ACTIVIDADES (4-5 decembro)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 4	Programa VIXÍA: Educación para a saúde: As novas adicións. Non pasa nada, pasa algo?	Aula de referencia	Titoría	3º ESO A, B e D	Titoras
MARTES, 5	Programa VIXÍA: Educación para a saúde: As novas adicións. Non pasa nada, pasa algo?	Aula de referencia	Titoría	3º ESO C	Titora

	Exposición: A profesión de Arquitectura Técnica	Centro Cultural José Ángel Valente	11.30h- 12.20h (DEBTEC II)	2º BAC Debuxo Técnico	Manuel Sánchez Seco
--	---	---	----------------------------------	-----------------------------	---------------------

 <h2 style="text-align: center;">ACTIVIDADES (18-21 decembro)</h2>					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
MARTES, 19	Programa VIXIA: Educación para a saúde: As novas adicións. Non pasa nada, pasa algo?	Aula de referencia	12.20h Titoría	3º ESO C	Titora
XOVES, 1	Festival de Nadal	Paraninfo	12.20h- 14.00h	1º ESO 2º ESO	Vicedirección Profesorado que teña clase con 1º e 2º ESO a 5ª e 6ª hora


 <h2 style="text-align: center;">ACTIVIDADES (8-12 xaneiro)</h2>					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
VENRES, 12	Charla-obradoiro Universidade de Vigo: “Coñecerse a un mesmo. A importancia de enfrentarse ao teu outro lado”, impartida por Abraham Rubín	Paraninfo	13.10h- 14.00h	1º BAC (todos os grupos)	Departamento de Filosofía Ana Gloria Rguez. Patricia Augusto Chus Andrade Alejo Diz Raquel Saa Chus Cortés




ACTIVIDADES (15-19 xaneiro)

DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 15	Exposición: "Cartas de amor" Plan Proxecta 'Por 365 días de respecto e igualdade'	Patio interior edificio histórico		Aberta a todo o alumnado e profesorado, en grupo ou individualmente.	
	Educación afectivo- sexual. Departamento de Orientación	Aula de referencia	Titoría	3º ESO B	Titora
	Programa de prevención de condutas violentas: violencia de xénero	Aulas de referencia	Titoría	4º ESO B 4º ESO C 4º ESO D	Titores e titoras
MARTES, 16	Educación afectivo- sexual. Departamento de Orientación	Aula de referencia	Titoría	3º ESO C	Titora
XOVES, 18	Xornada de seguridade viaria: "Alcol e drogas na mobilidade segura"	Paraninfo	11.10h- 11.00h	4º ESO A, B, C e D	Susana Iglesias Soledad Rodríguez Fernando del Río Manuel Sánchez
	Programa de prevención de	Aula de referencia	Titoría	4º ESO A	Titora


	condutas violentas: violencia de xénero				
--	--	--	--	--	--


 ACTIVIDADES (29 xaneiro-2 febreio)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
De MARTES a VENRES, DÍA DA PAZ	“Viñeta con lema” polo DÍA DA NON VIOLENCIA E A PAZ Elaboración de chapas coa viñeta seleccionada	Biblioteca	Durante toda a semana	ESO BAC	Departamento da Biblioteca
	Exposición de libros contra a violencia.	Biblioteca	Durante toda a semana	ESO BAC	Departamento da Biblioteca
	Microrrelatos a partir do verso “No. No me encontraron”, de García Lorca	Panel Biblioteca	Durante toda a semana	ESO BAC	Departamento de Linguas
MÉRCORES, 31	Teatro “Mozas na rede”	Parainfo	11.30h	3º ESO A, B, C, D	Chus Gómez J. L. Piñeiro Ana Gloria Rguez. Ángeles González Rosa Álvarez

VENRES, 2	Olimpíadas de Biología	Aula de informática	11.30h	Alumnado de 2º BAC C e D *Haberá unha listaxe encima da mesa para pasar lista.	Jose Manuel Puente
--------------	---------------------------	------------------------	--------	---	--------------------

 ACTIVIDADES (4-8 marzo) 8M, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 4	Scape room pola Igualdade	Patio interior esquerdo	9.20- 11.00h	2º A, B	Yolanda Sánchez María Fernández Rosa Pinal Patricia Augusto
			11.30h- 13.10h	2º ESO C	Rosa Pinal María Barreira Sophie Monboisse J.L. Piñeiro
	Violencia machista nas relacións de parella na mocidade	Paraninfo	16.00h- 17.30h	3º ESO A, B, C, D	Francisco A. Jurado Pablo Cid Remedios Sánchez Javier Fontenla
					Remedios Sánchez Javier Fontenla Pablo Cid Rosa Álvarez
	Dinámica de xénero aplicada á educación	Paraninfo	11.30h- 13.00h	4º ESO A, D	Juan Saco Elvira Moroño Ángela Garrido
136 aniversario do nacemento de Ramón Otero Pedrayo. Na súa homenaxe, ofrenda floral diante da figura de don Ramón (praza do Correidor) e roteiro Nós	Casco histórico da cidade de Ourense	11. 00- 12.20h	4º ESO B	Elvira Moroño Olga Quintana	

	(elaborado polo alumnado de 4º ESO)				
--	-------------------------------------	--	--	--	--

 ACTIVIDADES (11- 15 de marzo)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
MÉRCORES, 13	DÍA DA MULLER DÍA DAS MATEMÁTICAS Conferencia: “As mulleres que nos levaron á Lúa”, Nieves Lorenzo.	Paraninfo	13.10h- 14.00h	1º BAC D, E, F 2º BAC D, E (hora de Matemáticas)	Departamento de Matemáticas Raquel Saa Diego Lubián Chus Cortés
XOVES, 14	DÍA DAS MATEMÁTICAS Concurso de fotografía matemática. Exposición e entrega de premios	Corredor do edificio histórico	11.00h	ESO BAC	Departamento de Matemáticas

 ACTIVIDADES (18- 22 de marzo)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES


LUNS, 18	8M Conferencia STEM: "As mulleres nas carreiras científicas", Zulema Varela.	Paraninfo	12.20h- 13.10h	4º ESO B e C	Rosa Fernández Juan Saco
MARTES, 19	21M, DIA DA POESÍA Obradoiro coa poeta galega Silvia Penas	Paraninfo	9.20h- 10.10h	1º BAC A, B, C	EDL- Departamento de Galego Juan Saco Diego González Anxo Cid Antonio Fernández
XOVES, 21	21M, DIA DA POESÍA Reinterpretando a Lorca. Exposición de microrrelatos diante da Biblioteca. Selección de obra poética na nosa Biblioteca. "Caixa de poemas": deixade o voso poema (propio ou prestado) na caixa da Biblioteca para despois compartir.	Biblioteca		ESO e BAC	Equipo da Biblioteca Departamento de Lingua española.
	Acto poético	Biblioteca	11.00h	ESO e BAC	




ACTIVIDADES (2-5 de abril)

DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
MARTES,	Micro-charla	Aulas de	9.20h-	2º BAC	


2	informativa (5 minutos) sobre doazón de sangue. (A partir das 9.30h pasará unha persoa da Axencia de doazón polas aulas)	referencia	10.10h		
MÉRCORES, 3	Teremos unha unidade móbil de doazón de sangue diante do instituto. (Só para profesorado e alumnado maior de 18 anos)	Autobús diante do centro	9-30h-14.30h	Profesorado e alumnado maior de 18 anos	
VENRES, 5	Conferencia sobre transplante de órganos	Parainfo	10.10h-11.00h	3º ESO A, B, C	Dpto. Ciencias Ángel Álvarez Pablo Cid
			11.30h-12.20h	1º BAC D, E	Dpto. Ciencias Chus Gómez

 ACTIVIDADES (8-12 abril)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 8	Programa VIXÍA: Riscos de Internet	Aula de referencia	Titoría	1º ESO B, C, D	Titores/as Departamento de Orientación
	Programa de prevención de condutas violentas: uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso	Aula de referencia	Titoría	3º ESO A, B, D	Titores/as Departamento de Orientación


MARTES, 9	Educación para a saúde: Prevención consumo de drogas	Aula de referencia	Titoría	2º ESO A	Titora Departamento de Orientación
	Programa de prevención de condutas violentas: uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso	Aula de referencia	Titoría	3º ESOC	Titora Departamento de Orientación
MÉRCORES, 10	Educación para a saúde: Prevención consumo de drogas	Aula de referencia	Titoría	2º ESO C	Titora Departamento de Orientación
XOVES, 11	Charla sobre INMUNOLOXÍA a cargo da profesora da UVgo África González Fernández	Paraninfo	12.00h-13.10h	2º BAC D (hora de Bioloxía)	Departemento de Ciencias
	Programa Vixía: Educación para a saúde: alimentación.	Aula de referencia	Titoría	4º ESO A, B	Titor/ a Departamento de Orientación
VENRES, 12	Olimpíada de Economía	Lugo	16.30h-19.00h	5 alumnx de 2º BAC	Departamento de Economía
	Programa VIXÍA: Riscos de Internet	Aula de referencia	Titoría	1º ESO A	Titora Departamento de Orientación

					
ACTIVIDADES (15-19 abril)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 15	Programa VIXÍA: Riscos de Internet	Aula de referencia	Titoría	1º ESO B, C, D	Titores/as Departamento de Orientación


	Programa de prevención de conductas violentas: uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso	Aula de referencia	Titoría	3º ESO A, B, D	Titores/as Departamento de Orientación
	Visita á exposición "Ourense no tempo"	Sede de Exposicións AFundación	10.10h - 12.20h	18 alumno/as de 3º ESO CuCla e 4º ESO Proxecto	Ana Gloria Rguez.
MARTES, 16	Educación para a saúde: Prevención consumo de drogas	Aula de referencia	Titoría	2º ESO A	Titora Departamento de Orientación
	Programa de prevención de conductas violentas: uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso	Aula de referencia	Titoría	3º ESOC	Titora Departamento de Orientación


 ACTIVIDADES (22-26 abril)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 22	Programa VIXÍA: Educación para a saúde. Alimentación.	Aula de referencia	Titoría	4º ESO C	Titora Departamento de Orientación
	Programa de prevención de conductas violentas: uso das TICs e as redes sociais. Ciberacoso	Aula de referencia	Titoría	3º ESO A, B, D	Titores/as Departamento de Orientación
MARTES, 23	Educación para a saúde: Prevención consumo de drogas	Aula de referencia	Titoría	2º ESO B	Titora Departamento de Orientación

	*DÍA DO LIBRO: - Intercambio de libros - Fallo do concurso de deseño de marcapáxinas - Cita a cegas cun libro	Biblioteca	Lecer	ESO BAC	Equipo Biblioteca
XOVES, 25	Olimpíada Matemática	CFR Ourense	10.00h-13.30h	2 alumnos de 2º ESO	Departamento de Matemáticas
	Campionato intercentros de Bádminton	CPR Miraflores	8.30h-14.00h	16 alumnxs de 1º ESO 16 alumnxs de 2º ESO	Departamento de Educación Física

 ACTIVIDADES (29 abril-3 maio)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 29	Programa VIXÍA: Educación para a saúde. Alimentación.	Aula de referencia	Titoría	4º ESO C	Titora Departamento de Orientación
	I XORNADAS POLA DIVERSIDADE: Isto non se pregunta, co profesor e activista Éric Dopazo.	Paraninfo	12.20h-13.10h	3º ESO A e B	Yolanda Sánchez Soledad Rodríguez
			13.10h-14.00h	3º ESO C e D	Eva Hernando Marta González
MARTES, 30	Educación para a saúde: Prevención consumo de drogas	Aula de referencia	Titoría	2º ESO B	Titora Departamento de Orientación
XOVES, 2	I XORNADAS POLA DIVERSIDADE: Encontro con Iria	Paraninfo	11.30h-12.20h	2º ESO A,B,C	Yolanda Sánchez María Fernández Cristina García

	Misa , autora de <i>Mami, quero se Ziggy Stardust</i>				Rosa Pinal Patricia Augusto
--	--	--	--	--	--------------------------------


 ACTIVIDADES (6-10 maio)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 6	Encontro coa escritora PAULA CARBALLEIRA	Paraninfo	12.20h	1º ESO A, B, C, D	Eduardo Iglesias Nela Ordóñez Marta Sánchez Luz Blanco
MARTES, 7	Educación para a saúde: Prevención consumo de drogas	Aula de referencia	Titoría	2º ESO B	Titora Departamento de Orientación
	Actividades acuáticas	Castrelo de Miño	8.45h-14.00h	1º ESO 2º ESO C (*Haberá listaxes encima da mesa para pasar lista)	Departamento de Educación Física María Barreira Patricia Cid
MÉRCORES	Escola de familias: Atención á diversidade afectivo-sexual e de xénero, con Ana Ojea I Xornadas "Otero diverso"	Paraninfo	19.00h	FAMILIAS PROFESORADO	

 ACTIVIDADES (13- 16 maio)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES


LUNS, 13	“Navega con Rumbo”	Paraninfo	10.10h	1º ESO A, B, C, D	Marta Sánchez Diego González María Fernández Eduardo Iglesias
MARTES, 14	Visita á Unidade de Simulación da Área Sanitaria de Ourense	Avenida de Zamora, 13	9.50h- 12.20h	1º BAC D	J.M. Puente J.L. Neira
MÉRCORES 15	Visita á Unidade de Simulación da Área Sanitaria de Ourense	Avenida de Zamora, 13	9.50h- 12.20h	1º BAC E	J.M. Puente Luz Blanco
	Letras Galegas: CORRELINGUA 2024	Auditorio e Praza Maior	9.20h- 14.00h	1º ESO A, B, C, D	Departamento de Galego

Letras Galegas 2024: LUISA VILLALTA

Exposición e concurso sobre a autora homenaxeada na entrada do edificio histórico. Achégase a información principal no correo. Animade ao voso alumnado a participar!

 ACTIVIDADES (20- 24 maio)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
MARTES, 21	Graduación 2º BAC	Auditorio Provincial	19.30h	2º BAC	Estades todos convidados
XOVES, 23	Intercentros de Voleibol	Pompeo	8.30h- 14.00h	16 alumnos de 3º 16 alumnos de 4º ESO Haberá listaxes encima da mesa para poder pasar lista	Departamento de Educación Física

VENRES, 24	Cruces en petos de ánimas en Galicia	Corredor do edificio histórico	11.30h-12.20h	1º ESO C	Patricia Cid Elvira Moroño
---------------	--------------------------------------	--------------------------------	---------------	----------	-------------------------------

 ACTIVIDADES (27- 31 maio)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 27	Fotos orla 4º ESO	Biblioteca	17.40h	4º ESO	Vicedirección
XOVES, 30	Encontro con... XURXO SOUTO	Paraninfo	13.10h-14.10h	2º ESO C 3º ESO B 3º ESO C 3º ESO D	Conchita Fernández Olga Quintana Elvira Moroño Remedios Sánchez Marta González
	Olimpíada de Grego	Santiago de Compostela	16.30h-18.30h	3 Alumnos de 2º BAC	Ana Gloria Rodríguez

ACTIVIDADES 10- 16 de XUÑO

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	ALUMNADO	PROFESORADO
Mércores, 12 de xuño	Excursión ás ILLAS CÍES	Illas Cíes	8.30h-22.00h	4º ESO C 1º BAC D	Pablo Fernández Anxo Cid Olga Quintana
Xoves, 13 de xuño	Club de lectura do Otero Pedrayo para persoas adultas: Golpes de luz , de Leticia Costas. Visita á Fundación Vicente Risco.	Fundación Vicente Risco, Allariz	19.30h		Organiza a Biblioteca e convida a todo o claustro a participar

Venres, 14 de xuño	Sáida viaxe a LONDRES	Londres	15.00h	4º ESO	Juan Aguado María Barreira Manuel Sánchez
Domingo, 16 de xuño	Sáida viaxe a PICOS DE EUROPA	Asturias- Cantabria	7.00h	2º ESO	Mónica Rodríguez Daniel Lorenzo

ACTIVIDADES (17- 21 xuño)					
DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	GRUPOS	PROFES
LUNS, 17	Saída viaxe ao PORTO (Portugal)	O Porto	7.00h	3º ESO	Remedios Sánchez Raquel Súa
MARTES, 18	Regreso alumnado viaxe LONDRES		1.00h	4º ESO	Manuel Sánchez Juan Aguado María Barreira
MÉRCORES, 19	Regreso alumnado viaxe OPORTO		20.00h	3º ESO	Remedios Sánchez Raquel Súa
XOVES, 20	Regreso alumnado viaxe PICOS DE EUROPA		20.00h	2º ESO	Daniel Lorenzo Mónica
	Entrega de diplomas acreditación de nivel de lingua estranxeira	Paraninfo	11.00h		Departamento de Inglés e Francés
VENRES, 21	Actividades FIN DE CURSO: Festival	Paraninfo	A partir das 11.30h. O alumnado pasa lista e baixa co seu profesor ao lugar que corresponda (paraninfo ou pavillón)	1º e 2º ESO	Todo o profesorado que teña clase a partir do lecer, debe acompañar ao seu grupo durante o desenvolvemento das actividades.
	Actividades deportivas	Pavillón		3º e 4º ESO	

**III. RESUMO POR DEPARTAMENTOS DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS AO
LONGO DO CURSO 2023-2024**

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

➤ OLIMPIADA MATEMÁTICA

Os nosos alumnos Anxo Álvarez e Isaac García, de 2º ESO, desprazáronse ao CFR de Ourense para participar na Olimpíada Matemática.

- Data: 25 de abril
- Lugar: CEFORE de Ourense
- Alumnado: 2º ESO



➤ EXPLÍCOCHE MATEMÁTICAS 2.0

Outro ano máis, o noso alumnado participou neste concurso organizado pola Facultade de Matemáticas da USC. O obxectivo do concurso é promover a utilización do galego como medio de transmisión das Matemáticas, así como a creatividade do alumnado, a través da realización de curtametraxes breves nas que se explique en galego un concepto matemático.

- Data: xuño
- Lugar: Telemático
- Alumnado: ESO e BAC

➤ DÍA INTERNACIONAL DAS MATEMÁTICAS “MARZO, MES DAS MATES”

O 14 de marzo, o departamento de Matemáticas festexou o Día das Matemáticas con varias actividades:

- CHARLA

A directora e profesora da escola de Enxeñería Aeroespacial da UVigo, Nieves Lorenzo, visitou o Otero Pedrayo para agasallarnos coa charla "As mulleres que nos levaron á lúa", na que que fixo un percorrido por todas aquelas disciplinas nas que as mulleres foron imprescindibles para que o home puidera chegar á lúa. Todo un luxo poder contar con ela no noso centro.



-EXPOSICIÓN

Para complementar a charla, o IES Otero Pedrayo contará coa exposición "As mulleres que nos levaron á lúa".

- I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA. EXPOSICIÓN

Exposición fotográfica matemática. Luciu no corredor do edificio histórico unha magnífica exposición fotográfica realizada polo noso alumnado no que se manifestan as matemáticas na nosa natureza, nas nosas construcións, no noso día a día. O 14 de marzo (14-3) foron entregados os premios ás gañadoras.

- Data: mes de marzo
- Lugar: Paraninfo e aulas de referencia
- Alumnado: ESO

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

➤ EDUCACIÓN CÍVICO- TRIBUTARIA

Co obxectivo de transmitirle ao noso alumnado valores e actitudes favorables á responsabilidade fiscal e contrarios ás condutas defraudadoras, os nosos rapaces e rapazas de Economía de 1º BAC asistín o 28 de setembro, no Paraninfo do IES Otero Pedrayo, a unha charla sobre educación cívico- tributaria, impartida polo profesor de Economía Aplicada Alberto Vaquero.

- Data: 28 de setembro
- Lugar: Paraninfo do IES Otero Pedrayo
- Alumnado de Economía de 1º BAC

➤ OLIMPÍADA DE ECONOMÍA

O 12 de abril, 5 alumnos e alumnas do IES Otero Pedrayo desprazáronse a Lugo para participar na XIV Olimpíada Galega de Economía, organizada pola Universidade de Santiago de Compostela e o Colexio de Economistas de Lugo, en colaboración coas Universidades da Coruña e Vigo.

O noso alumnado obtivo uns excelentes resultados: SARA CALVO e PABLO DOMÍNGUEZ clasificáronse para a final despois de obter, respectivamente, o 1º e 2º posto!

- Data: 12 de abril
- Lugar: Santiago de Compostela
- Alumnado: 2º BAC



➤ **YOUNG BUSINESS TALENT**

Un ano máis, o alumnado de 1º BAC Economía chegou á semifinall da simulación empresarial Young Business Talentes, polo que recibiu cadanseu título acreditativo.

- Data: Maio
- Lugar: Aula
- Alumnado: 1º BAC

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

➤ **PARLAMENTO e XUNTA DE GALICIA**

A través do programa "Coñece as túas institucións", o alumnado de 1º da ESO tivo a oportunidade de facer a visita guiada ao noso Parlamento, pódose, incluso, no papel de parlamentario e saíndo á tribuna a facer as súas propias peticións. A continuación, visitou as dependencias de San Caetano da Xunta de Galicia, onde, neste caso, asumiu o papel de conselleiro e explicou o papel das diferentes consellarías que forman o noso goberno.

- Data: 19 de xaneiro
- Lugar: Santiago de Compostela
- Alumnado: 1º ESO



➤ **EX-PARLAMENTARIOS NO IES OTERO PEDRAYO**

Co obxectivo de espallar os valores da democracia entre a xente moza (neste caso, o alumnado de 4º ESO), visitaron o noso centro Roberto Castro García, Pablo Xabier López Vidal e Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, ex-parlamentarios de diferentes cores políticas. O acto comezou cunha pequena exposición de cada un relativa ao parlamento para, a continuación, darlle paso ao alumnado para que fixera as preguntas que estimara convenientes.

Esta actividade complementa a visita ao Parlamento e Xunta de Galicia dos nosos rapaces e rapazas xa fixeran en 1º ESO.

- Data: 24 de xaneiro
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 4º ESO



➤ **OLIMPIADA DE XEOGRAFÍA**

No mes de xuño, un grupo de alumnas e alumno de 3º da ESO viaxaba a Santiago de Compostela para participar na Olimpíada Galega de Xeografía, quedando unha das alumnas, Sabela Balea, de terceira e pasando a participar na fase nacional.

- Data: xuño
- Lugar: IES
- Alumnado: 3º ESO
-



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

➤ **SAN MARTIÑO 2023**

Un ano máis, o IES Otero Pedrayo estivo presente na Carreira Pedestre Popular do San Martiño, cunha participación de alumnado das máis altas dos institutos da provincia.

- Datas: 11 de novembro
- Lugar: Ourense
- Cursos: ESO e BAC



➤ **XOGOS POPULARES**

Un clásico do Magosto do Otero Pedrayo son os xogos populares. Un ano máis, o Departamento de Educación Física foi o organizador.

- Datas: 8 de novembro
- Lugar: patio exterior/ pavillón
- Cursos: ESO

➤ **ENCONTRO INTERCENTROS DE ATLETISMO**

Gran campionato do noso alumnado no Encontro Intercentros de Atletismo, celebrado o venres 1 de decembro en Expourense.

- Data: 1 de decembro
- Lugar: Pavillón Paco Paz de Ourense
- Cursos: 2º ESO



➤ **LECERES ACTIVOS E GARDAS SAUDABLES**

Bádminton, voleibol e baloncesto foron algúns dos deportes que o noso alumnado puido practicar durante os leceres e gardas saudables ao longo de todo o curso, con ligas internas entre os diferentes grupos.

- Datas: durante todo o curso
- Lugar: patio exterior
- Cursos: ESO e BAC



➤ **BATALLA DE COREOGRAFÍAS DE TODA A ESO**

O alumnado da ESO, titorizado polo alumnado de 2º BAC, preparou cadansúa coreografía que logo presentou ao resto dos compañeiros e compañeiras o día da celebración do Entroido.

- Datas: segundo trimestre

- Lugar: patio e pavillón
- Cursos: ESO e BAC

➤ **ROTEIRO “A ESMORGA”**

Actividade interdisciplinar (Departamento de Galego e Departamento de Educación Física) na que, despois de traballar na aula a novela de Blanco Amor “A esmorga”, pónena en práctica nas aulas de EF a través dun xogo de orientación no que teñen que ir descubrindo os diferentes puntos sinalados no percorrido e teñen que ir anotando a información de cada un deles a través dun código QR.

- Datas: xuño
- Lugar: zona histórica de Ourense



➤ **CURSO RCP E ATRAGOAMENTO PARA PROFESORADO e ALUMNADO**

O profesorado de Educación Física, impartiu un curso de Reanimación Cardiopulmonar e atragoamento ao alumnado da ESO e BAC do IES Otero Pedrayo. Tamén o fixo para o profesorado.

- Datas: terceiro trimestre
- Cursos: ESO, BAC e profesorado

➤ **ENCONTRO INTERCENTROS BÁDMINTON**

Gran éxito de participación coa destacada actuación do noso alumnado, que acadou o 4º posto en 2º ESO e o 1º posto en 1º ESO.

- Datas: abril
- Lugar: Paco Paz
- Cursos: 1º ciclo da ESO



➤ CASTRELO DE MIÑO

O noso alumnado disfrutou, unha ano máis, dunha xornada polideportiva en Castrelo de Miño. Remo, barco dragón, fútbol, baloncesto, padel... ocio saudable na natureza para disfrutar activamente do tempo de lecer, dirixido polo noso magnífico departamento de Educación Física. E de remate, un merecido chapuzón.

- Datas: 9 de maio
- Lugar: Castrelo de Miño
- Cursos: 1º ESO



➤ INTERCENTROS DE VOLEIBOL NO OTERO PEDRAYO

Éxito de participación e organización no Encontro Intercentros de Voleibol celebrado nas instalacións do noso instituto. Foi organizado polo Departamento de Educación Física, baixo o amparo do Servizo de Deportes da Xunta de Galicia.

Pasárono xenial, xogando e interactuando con alumnado doutros centros da provincia e acadando o podio nas dúas categorías.

- Datas: maio
- Lugar: Pompeo
- Cursos: ESO



➤ ILLAS CÍES

O 12 de xuño, o alumnado de 4º ESO C e 1º BAC D disfrutaba do seu merecido premio ás "Mellores coreografías da ESO e BAC": unha excursión ao paraíso natural das Cíes.

A travesía no catamarán, a ruta ata o faro na illa Norte e unha espectacular tarde de praia no areal de Rodas fixo que o día fose sobresaliente.

As Illas Cíes foron declaradas Parque Natural no 1980 e incluídas no Parque Nacional M-T das Illas Atlánticas de Galicia, creado no ano 2002, xunto a Ons, Sálvora e Cortegada.

Que riqueza natural temos neste noso país! Que sorte poder disfrutala!

- Datas: 12 de xuño

- Lugar: Cíes
- Cursos: 4º ESO e 1º BAC



➤ **PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO. Plan Proxecta.**

Durante todo o curso, o Departamento de Educación Física desenvolve un ambicioso proxecto deportivo de centro .

- Datas: durante todo o curso
- Lugar: Pavillón Pompeo, canchas exteriores.
- Cursos: toda a ESO



DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

➤ **COÑECERSE A UN MESMO. A IMPORTANCIA DE ENFRONTARSE AO TEU OUTRO LADO**

O doutor en Filosofía, Abraham Rubín, da UVigo, invitou ao noso alumnado de 1º BAC ao autoconecemento. Pasada a fase de espello (Lacan), o inconsciente proxéctase sobre outras persoas á procura de modelos e, dese xeito, vaise construíndo a identidade persoal, deixando fóra aqueles caracteres desagradables que non recoñecemos como propios e detestamos nos demais (a sombra tal e como a definiría Jung). O ponente debuxou con claridade este proceso de autoidentificación, a súa relación co mundo virtual e a necesidade de asumir na consciencia a sombra para non caermos presos da impulsividade.

- Datas: xaneiro e febrero (2charlas)
- Lugar: Paraninfo
- Cursos: 1º BAC e 2º BAC Psicología



➤ **AGROECOLOXÍA LABREGA. UNHA ALTERNATIVA SUSTENTABLE AO PARADIGMA DE PROGRESO DO SISTEMA AGROALIMENTARIO INDUSTRIAL E GLOBAL.**

Sergio Sánchez Taboada achegábase ao noso centro para falarlle ao alumnado de 1º BAC sobre a relación entre os modos de cultivo e produción alimentaria industrial capitalista e ecolóxico, ilustrando a relación entre eles e as súas consecuencias ecolóxicas (para a biosfera), económicas e de saúde (para o consumidor).

- Datás: 18 de abril
- Lugar: Paraninfo
- Cursos: 1º BAC



DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

➤ **DÍA DAS AVES**

Co lema "A saúde das aves é a saúde dos ecosistemas. Se é bo para as aves, é bo para ti", o Otero Pedrayo uniuse á conmemoración do Día das aves.

O noso alumno de 1º ESO, Guillermo Mioño Pazos, preparou unha estupenda presentación centrada nas aves da nosa contorna e, a continuación, os diferentes grupos de 1º foron saíndo ata o Xardín do Posío para gozar dunha magnífica visita ornitolóxica na que nos explicou diferentes características das aves que viven ao noso carón, fixemos un xogo de búsqueda de niños, démoslle de comer aos paxaros e acabamos colocando unha casa-niño nunha das árbores (casiña feita por el, por certo!).

- Datas: 2 de outubro
- Lugar: Xardín do Posío
- Cursos: 1º ESO



➤ **A RECICLAXE PARA A CONSERVACIÓN DO PLANETA**

O alumnado de 4ºA estivo a traballar, como Proxecto competencial, na importancia da reciclaxe para a conservación do planeta. Pequenas accións poden traer grandes beneficios. Neste marco, visitaron a marabillosa Expo De Polo a Polo, no Xardín do Posío, actividade de proximidade que nos abriu unha fiestra a un mundo natural agochado do ser humano. Preguntas, debate, crítica... Fóra das aulas tamén se aprende! E moito!

- Datas: 13 novembro
- Lugar: Xardín do Posío
- Cursos: 4º ESO



➤ MES DA CIENCIA

En novembro, Mes da Ciencia, tivemos moitas actividades científicas no IES Otero Pedrayo: retos científicos, exposición de proxectos feitos por alumnas de 1º BAC, exposición sobre libros de ciencia en galego e castelán, exposición sobre Mulleres científicas da Universidade de Vigo: "Quero ser científica".

- Datas: novembro
- Lugar: IES
- Cursos: ESO e BAC



➤ CÉLULAS SABROSAS!

Elaboración de doces en forma de células do alumnado de 2º de bacharelato.

- Datas: 23 de xaneiro
- Lugar: Edificio anexo
- Cursos: 2º BAC



➤ OLIMPIADA DE BIOLOXÍA

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo acolleu a celebración da fase autómic galega da XIX Olimpíada de Bioloxía, na que participaron 80 estudantes de 39 institutos das catro provincias; un deses centros foi o Otero Pedrayo, representado por 4 alumnas de 2º BAC.

- Datas: febreiro
- Lugar: Vigo
- Cursos: BAC



➤ OLIMPIADA DE XEOLOXÍA.

O alumnado de 4º ESO e 1º BAC desprazouse a Quiroga para participar nas XV Olimpíadas de Xeoloxía, que tiveron lugar no [#CourelMountainsUNESCOGlobalGeopark](#).

Xincana con 12 probas prácticas polas rúas de Quiroga, realización dun exame, visita ao Museo Xeolóxico e ao Centro de Interpretación da Minería Aurífera Romana ou obradoiro de bateo de Ouro foron algunhas das actividades nas que a nosa rapazada participou, xunto con outros compañeiros e compañeiras de Lugo e Ourense.

SUNAI MARTÍNEZ ZABALA, de 1º BAC conseguiu un 3º posto absoluto e PABLO GÁNDARA, de 4º ESO, un accésit concedido polo xurado (4º posto).

- Datas: febreiro
- Lugar: Quiroga
- Cursos: 4º ESO e 1º BAC



➤ INMUNOLOXÍA

O 11 de abril, África González, catedrática de Inmunoloxía da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, visitou o noso centro para dar unha charla sobre o funcionamento do sistema inmunitario ao noso alumnado de Bioloxía de 2º de Bacharelato e 4º de ESO. Comezou contándonos como se descubriron as vacinas, principalmente a da variola, para a continuación explicar o funcionamento do noso sistema inmune, os factores que inflúen negativamente no seu funcionamento (malnutrición, estrés, drogas...) e rematar cos últimos avances sobre inmunoterapia para tratar todo tipo de enfermidades, especialmente o cancro.

- Data: 11 de abril

- Lugar: Paraninfo
- Cursos: 4º ESO e 2º BAC



➤ **TRANSPLANTES**

O venres 5 de abril, Paula Boga, enfermeira e coordinadora de transplantes do Centro de Transplantes de Santiago, visitou o noso centro para darlle unha charla ao alumnado de 1º de Bacharelato e 3º de ESO sobre un dos orgulllos patrios: o sistema de transplante de órganos español, punteiro no mundo e gratuito para toda aquela persoa que o necesite. Paula explicoulle ao noso alumnado como funciona o sistema español e animouno, cando sexa maior de idade, a que se faga doante. A charla complementouse coa testemuña dunha persoa transplantada de ril, que nos contou como se lle produciu a enfermidade, como tivo que vivir con ela (con diálise no domicilio e logo no hospital) cunha calidade de vida pésima, e como foi o proceso do seu transplante e a mellora que experimentou na súa calidade de vida a partir del. Unha charla moi emotiva e para reflexionar sobre a sorte que temos ao contar cun sistema nacional de saúde GRATUITO E UNIVERSAL.

- Data: 5 de abril
- Lugar: Paraninfo
- Cursos: 3º ESO e 1º BAC
-



➤ **A SENDA DAS CEGOÑAS**

Grazas á asociación "Ciconia. Amigas das cegoñas", gozamos no Otero Pedrayo dunha exposición na que se nos explica todo sobre elas: a súa fisionomía, onde viven, as principais ameazas, a cegoña branca en Galicia, a cegoña negra... Unha marabilla!

- Datas: abril
- Lugar: Patio interior do edificio histórico
- Cursos: Toda a comunidade educativa



➤ **UNIDADE DE INNOVACIÓN EXPERIMENTAL, SIMULACIÓN CLÍNICA E SEGURIDADE DO PACIENTE DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE**

Un ano máis, o alumnado que cursa Bioloxía e Xeoloxía en 1º de Bacharelato visitou a Unidade de Simulación da Consellería de Sanidade, sita na avenida de Zamora. Nese centro fixeron unha visita ás instalacións onde se levan a cabo cursos moi especializados para médicos nos ámbitos do RCP, microciruxía, ciruxía laparoscópica ou endoscopia. A continuación, realizaron un taller de anatomía. A visita foi moi instructiva, xa que o alumnado visitou un centro de referencia na formación médica que temos aquí en Ourense. Moitas grazas a José Luis Toubes, cuxa colaboración e bo facer resulta imprescindible na realización da actividade.

- Datas: maio
- Lugar: Unidade de innovación experimental de Ourense
- Cursos: BAC



DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

➤ **A DOBRAXE EN GALEGO. UN MODELO DE NORMALIZACIÓN.**

Visionado do documental “A dobraxe en galego”, da produtora Recrea Films, e posterior charla co director do audiovisual e actor de dobraxe Chema Gagino.

- Data: 9 de outubro
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 1º BAC TICS



➤ **FESTIVAL DE CURTAMETRAXES**

O Departamento de Tecnoloxía organizou o IV Festival de Curtametraxes do IES Otero Pedrayo, con entrega de premios ás tres mellores.

- Data: 4 de xuño
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 3º ESO e 1º BAC

➤ **VOAMOS CON NÚMEROS: UNHA AVENTURA AÉREA**

Este é o nome da actividade á que o noso alumnado de 2º ESO tivo o privilexio de asistir na Tecnópole. Encomendáronlle unha misión do Centro de Coordinación Conxunto que tiveron que cumprir realizando un voo en simuladores avanzados, despois de realizaren os pertinentes cálculos matemáticos con unidades, distancia, velocidade e tempo, determinando o rumbo correcto e chegando a dominar a navegación, sempre con instrutores cualificados que lle ofreceron asistencia e orientación durante a formación de voo e o desenvolvemento da misión.

- Data: 28 de novembro
- Lugar: Tecnópole Ourense
- Alumnado: 2º ESO



➤ **INTERNET CON RUMBO**

O alumnado de 1º ESO asistiu a unha charla cun obxectivo claro: adquirir ferramentas para navegar pola Internet con seguridade. É preciso mentalizar aos nosos nenos e nenas de facer un uso responsable da tecnoloxía, aproveitando todo o que nos pode ofrecer, pero sen asumir riscos.

Grazas ao Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e á propia Consellería de Cultura, Educación e Universidade por ofrecernos este tipo de actividades tan necesarias nos tempos que corren.

- Data: maio

- Lugar: paraninfo
- Alumnado: 1º ESO

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

➤ **LES TROIS MOUSQUETAIRES**

Co obxectivo de dar a coñecer a vida e obra de escritores clásicos da lingua francesa e, ao mesmo tempo, disfrutar do teatro como ferramenta lúdica e pedagóxica que estimula a aprendizaxe en francés, os nosos rapaces e rapazas de francés de 3º e 4º ESO e 1º BAC Francés asistía ao auditorio provincial a ver "Les trois mousquetaires", baseada na novela de Alejandro Dumas, cun posterior coloquio que foi do máis interesante.

- Data: 29 de febreiro
- Lugar: Auditorio
- Alumnado: alumnado de francés



➤ **PROBAS DE NIVEL DE LINGUAS ESTRANXEIRAS**

- O IES Otero Pedrayo participou na terceira convocatoria para a realización de probas de nivel de linguas estranxeiras. Presentáronse de xeito GRATUÍTO, alumnos e alumnas de francés da ESO e BAC, obtendo uns excelentes resultados. A entrega de diplomas foi o xoves, 20 de xuño.
- Data: 20 de xuño
- Lugar: IES
- Alumnado: 2º BAC

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

➤ **PROBAS DE NIVEL DE LINGUAS ESTRANXEIRAS**

O IES Otero Pedrayo participou na segunda convocatoria para a realización de probas de nivel de linguas estranxeiras. Presentáronse de xeito GRATUÍTO, alumnos e alumnas de 2º BAC ás probas de Cambridge, obtendo uns excelentes resultados. A entrega de diplomas foi o xoves, 20 de xuño.

- Data: 20 de xuño
- Lugar: IES
- Alumnado: 2º BAC



➤ **TEATRO EN INGLÉS : *THREE STORIES OF SCOTLAND***

O alumnado de 3º ESO acudiu ao auditorio á representación teatral en inglés de tres historias ambientadas na Escocia do século XIII: un drama, unha comedia e unha traxedia, inspiradas na guerra da independencia de Escocia, de Robert de Bruce e William Wallace. Unha vez rematada a obra, puideron manter un coloquio cos actores e actrices.

- Data: 6 de marzo
- Lugar: Auditorio
- Alumnado: 3º ESO



DEPARTAMENTO DE LENGUA ESPAÑOLA

➤ **TERTULIAS LITERARIAS**

O IES Otero Pedrayo participou, xunto con outros centros da cidade, nas Tertulias Literarias organizadas pola Concellaría de Educación do Concello de Ourense. Nesta ocasión, o libro escollido foi *El río baja sucio*, e o alumnado tivo a ocasión de encontrarse co seu autor, David Trueba.

- Data: 9 de xuño
- Lugar: Liceo de Ourense
- Alumnado: ESO

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

➤ **JUAN TALLÓN**

O escritor de *Rewind* ou *Obra Maestra* encontrouse na nosa biblioteca con alumnado de 1º BAC para falar do proceso creativo dun escritor. Unha charla ben interesante na que os nosos rapaces e rapazas participaron facendo todo tipo de preguntas.

- Data: 21 de novembro
- Lugar: Biblioteca
- Alumnado: 1º BAC



➤ **TERTULIAS LITERARIAS**

O Otero Pedrayo participou nas tertulias literarias en galego, organizadas pola Concellaría de Educación do Concello de Ourense.

O libro escollido foi *As alumnas*, de Paula Carballeira, e o encontro intercentros tivo lugar no Liceo.

- Data: 23-25 de xaneiro
- Lugar: Liceo de Ourense
- Alumnado: ESO



➤ **DÍA DE ROSALÍA**

Coa alborada de Rosalía a violín máis voz, a lectura do manifesto e unha segunda alborada a gaita celebramos no IES Otero Pedrayo os 187 anos do nacemento da nosa autora máis universal.

- Data: 23 de febreiro
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: ESO



➤ **TEATRO: DRAGÓN DE OURO**

O alumnado de 3º ESO desprazouse ao Teatro Principal para asistir á estrea de "O dragón de ouro", de Sarabela Teatro, unha obra que aborda temas tan actuais como a inmigración ou a prostitución forzada. A obra está baseada no libro do dramaturgo alemán Roland Schimmelpfennig, un dos máis representados no mundo, traducido ao galego por primeira vez, baixo a dirección de Anxeles Cuña.

- Data: 23 de febreiro
- Lugar: Teatro Principal
- Alumnado: 3º ESO



➤ **ROTEIRO GRUPO NÓS E HOMENAXE A DON RAMÓN OTERO PEDRAYO**

Foi ben bonita a homenaxe floral que, co gallo dos 136 anos do nacemento de Otero Pedrayo (5. marzo. 1888), o noso alumnado de 4º ESO fixo diante da súa figura, na praza do Correxidor. O levar o nome de don Ramón fainos, a profesorado e alumnado, cada día un pouquiño máis oterianos. Que honra para nós!

A actividade enmarcouse nunha máis ampla, o roteiro do Grupo Nós, elaborado polo mesmo alumnado e dirixido pola profesora Elvira Moroño. Traballazo dos nosos rapaces e rapaza que deu como resultado esta chulada de actividade!

- Data: 5 de marzo
- Lugar: Zona histórica da cidade
- Alumnado: 4º ESO



➤ **A CIDADE MEDIEVAL DE OURENSE**

O alumnado de 2º da ESO puido coñecer un pouco mellor a súa cidade grazas ao roteiro "A cidade medieval de Ourense"; un percorrido de hora e media con visitas ao Xardín do Posío, á Praza Maior, Catedral, Porta da Aira ou outros moitos exemplos de pervivencia de arquitectura medieval da cidade de Ourense.

- Data: 4 de abril
- Lugar: Ourense
- Alumnado: 2º ESO



➤ **LETRAS GALEGAS 2024: LUISA VILLALTA**

O Departamento desenvolveu unha completa programación arredor das Letras: No mes das Letras Galegas, visitou o noso centro Paula Carballeira, gañadora do Premio Nacional de Literatura Dramática 2023; participamos na maior festa da lingua, o Correlingua, con música no Auditorio, camiñata pola zona histórica da cidade e concurso de pancartas e, como non, celebramos á autora homenaxeada co concurso que sobre Luisa Villalta nos organizou o noso EDL, coa exposición sobre a súa vida e obra e coa lectura dos seus poemas acompañados, como non podía ser doutra maneira, polo instrumento que ela tanto amou: o violín.

Seguiremos celebrando as nosas letras. Seguiremos celebrando a nosa lingua.

- Data: maio
- Lugar: IES
- Alumnado: ESO e BAC



DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

➤ TÁBOA PERIÓDICA DE MULLERES CIENTÍFICAS

O alumnado de primeiro ciclo elaborou unha táboa periódica con mulleres científicas. Cada elemento é un libriño con datos de científicas de todos os tempos, que podes despegar da táboa e consultar con todo detalle. Traballo excelente que estivo exposto



➤ OLIMPIADA DE QUÍMICA

Xoel Cid Mojón e Iago Gómez Basalo, alumnos de 2º BAC D, participaron na Olimpíada de Química organizada pola Asociación de Químicos de Galicia, en colaboración co Colexio Oficial de Químicos de Galicia, celebrada na UVigo, Campus de Ourense. Os resultados de ambos alumnos foron excelentes, conseguindo un 4º e un 2º posto e clasificándose para a fase nacional que terá lugar en Murcia.

- Data: 7 de marzo
- Lugar: Vigo
- Alumnado: 2º BAC



DEPARTAMENTO DE GREGO

➤ **AQUIS QUAERQUENNIS, BANDE E OUTROS RESTOS ROMANOS DA ZONA**

Un afoutado grupo de alumnas e alumnos do IES Otero Pedrayo adentrouse nas terras dos Querquennos con ansia de coñecer máis sobre o noso pasado romano.

Alí, no Centro de Interpretación, aprenderon como era facer unha viaxe no séc. I d.C., época na que se construíu o campamento romano que albergaba, segundo os últimos estudos, unha cohorte da Legio VII Germina. Tamén houbo tempo de que o equipo das Venus vencese ao das Artemisas no xogo da Via Nova. Logo achegáronse ao campamento e puideron ver os últimos avances nas excavacións, o praetorium e, por último, visitaron Comba.

- Data: 26 de outubro
- Lugar: Bande e arredores
- Alumnado: 3º e 4º ESO Cultura Clásica



➤ **A MULLER NA ANTIGÜIDADE GREGA**

O alumnado de 1º BAC de Grego tivo a honra de escoitar á catedrática de Historia Antiga da Universidade de Vigo, Susana Reboreda, falarlle sobre a situación da muller na antiga Grecia.

A partir das fontes tanto escritas como iconográficas e arqueolóxicas, achegounos á vida das mulleres, tan diferente á dos homes desde o nacemento ata a morte.

- Data: 24 de xaneiro
- Lugar: Paraninfo
- Alumnado: 1º BAC



➤ **VIAXE A ITALIA**

Alumnado de Humanidades de 1º BAC participou, xunto con outros oito institutos galegos, na viaxe a Italia organizada pola sección galega da Sociedade Española de Estudios Clásicos.

Foron oito días maravillosos, cheos de emocións e de moita aprendizaxe, nos que visitaron os principais lugares de Roma e saborearon o ambiente da cidade eterna; chegaron ata Capua, Nápoles, Pompeia e Herculano, Cumas e a menos coñecida e espectacular Pozzuoli. Ao regreso, as súas caras sorrintes e algunhas bágoas pola separación das novas amizades eran a proba de que os esforzos das súas familias, da organización, dos centros, pagaran a pena.

- Data: febreiro
- Lugar: Italia
- Alumnado: 1º BAC



➤ OURENSE NO TEMPO

O alumnado de 3º Cultura Clásica e 4º Proxecto Competencial facía unha visita guiada o pasado luns á exposición "Ourense no tempo" que, a través de 150 pezas, `explora a nosa cidade desde as súas orixes ata a actualidade, combinando obxectos de alta cultura e cotiás, obras de arte, documentación histórica, mapas e planos, recreacións virtuais, fotografías e publicacións.'

- Data: 19 de abril
- Lugar: Ourense
- Alumnado: 3º e 4º ESO



➤ **OLIMPIADA DE GREGO**

Lucía González, Nicolás Ferreira e Sebastián Rodríguez, de 2º BAC, participaron na Olimpíada de Grego desenvolvida na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela. Toda unha experiencia para o noso alumnado pre-universitario!

- Data: 1 de xuño
- Lugar: Santiago de Compostela
- Alumnado: 2º BAC



DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA

➤ **ARQUITECTURA TÉCNICA**

O alumnado de 2º BAC de Debuxo Técnico II acercouse ata o Centro Cultural José Ángel Valente para visitar a exposición sobre "A profesión de arquitectura técnica", onde foi recibido polo presidente do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense (COAT).

Data: 4 de decembro

Lugar: Centro Cultural Ángel Valente

Alumnado: 2º BAC



➤ **DÍA MUNDIAL DA ARTE**

Que mellor maneira de celebrar o Día da arte que cunha exposición dos nosos artistas! O alumnado de 1º BAC de Debuxo artístico, co seu profe Manuel Sánchez á fronte, deixounos abraiadxs coa marabilla de debuxos que nos presentaron. A inauguración da mostra foi o 15 de abril e poderémola disfrutar no centro ata o mes de maio.

Data: 15 de abril

Lugar: Patio interior edificio histórico

Alumnado: 1º BAC



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES


➤ **DÍA DAS ESCRITORAS**

Celebramos o *Día das escritoras* no Otero Pedrayo coa lectura das nosas escritoras durante o proxecto lector. Ademais, tivemos presentación sobre a efeméride, exposición de libros no corredor da biblioteca e unha magnífica exposición sobre a primeira poeta da literatura occidental da que conservamos poemas: Safo.

Data: 16 de outubro

Lugar: Edificio histórico

Alumnado: ESO e BAC



➤ **SAMAÍN**

Concurso de microrrelatos de medo, exposición con textos terroríficos, mostra de obras de temática de ultratumba, seres vidos do máis alá deambulando polos nosos corredores... O Otero Pedrayo non esperou á noite de Defuntos para celebrar o Samaín.



➤ EDUCANDO EN XUSTIZA

O IES Otero Pedrayo participou no programa *Educando en Xustiza*. En tres sesións distintas, todo o alumnado de 4º ESO tivo a oportunidade de presenciar varios xuízos en directo, nunha das salas do Xulgado do Penal de Ourense.

A maxistrada, Susana Pazos, antes de comezar a sesión, dá-lle detalles ao alumnado sobre o xuízo que ían ver, explicándolle a función de cada un dos axentes que intervirían nel e abrindo rolda de preguntas para que os nosos rapaces e rapazas non quedaran con ningunha dúbida.

Ao final, aínda tiveron oportunidade de visitar os calabozos e a sala de recoñecemento no soto do edificio, que os deixou realmente impactados.

Data: 30 e 31 de outubro, 7 de novembro

Lugar: Sala do Penal, nº 2, Pazo de Xustiza

Alumnado: 4º ESO



➤ CAMIÑANDO A OTERO PEDRAYO...

Trasalba, Prisca, Bóveda, Abruciños, Fontefría, Formigueiro, Albeiros... son só algúns dos lugares que o alumnado de 2º STEMBAC recorreu a semana pasada, camiñando polas terras de Otero Pedrayo, aquelas que o patriarca das nosas letras evocou no poema "Bocarriberira: herdade, souto, laxe", incluído no poemario 'Bocarribeira. Poemas para ler e queimar'.

A actividade está enmarcada dentro do traballo de investigación sobre a paisaxe oteriana que unha das alumnas está a elaborar para o bacharelato de excelencia.

Data: 10 de outubro

Lugar: Trasalba e arredores

Alumnado: STEMBAC



➤ **MAGOSTO NO OTERO PEDRAYO**

No magosto do Otero Pedrayo tivemos:

- Obradoiro de zonchos, organizado polo EDL e con moita, moita participación. Que guapos lucimos cos colares das castañas cocidas. E canto aprendemos!
- Concurso-degustación de sobremesas de outono: a tarefa do xurado foi complicada, porque escoller a mellor sobremesa entre tanta excelencia... Parabéns para Gabriela Fernández, de 1º BAC, por esa delicatessen de trufas!
- Xogos populares. Nun magosto non poden faltar os nosos xogos de sempre (brilé, tirasoga, pano, carreiras...) e non hai ninguén que os organice mellor ca o Departamento de Educación Física.
- E, como non, non faltaron as castañas. Ata o tempo nos deu unha tregua para comelas a gusto no patio exterior.
- E aínda nos deu para entregar os premios aos mellores relatos de medo do Samaín, concurso organizado tamén polo EDL.

Data: 10 de novembro

Lugar: Patio exterior

Alumnado: ESO



➤ **VISITA DO CENTRO INTERXERACIONAL**

A "mocidade" do Centro Interxeracional a Farixa, que xa son familia do IES Otero Pedrayo, visitou unha vez máis, o noso centro. O alumnado máis pequeno tíñalles preparadas unhas pezas musicais no Paraninfo, logo visitaron o noso museo e, por último, acabaron na biblioteca, onde presentamos o libro que estamos a ler este trimestre no club de lectura, no que eles tamén van participar.

Data: 21 de novembro

Lugar: Edificio histórico

Alumnado: ESO



➤ **22N, DÍA da MÚSICA**

O 22 de novembro, día de santa Icíá, celebramos o Día da Música escoitando as nosas nenas e nenos músicos de 1º ESO que, dada a proximidade da efeméride co Día contra a violencia cara a muller, quixeron tocar contra as violencias.

Músicas contra a violencia foi o nome do acto que englobou a explicación da celebración, música en directo, videoclips contra a violencia, un pequeno manifesto e a confección dun panel, en clave simbólica, no que aparecen bolboretas co nome das mulleres asasinadas este ano ao lado doutras moitas que as acompañan.

Data: 22 de novembro

Lugar: Paraninfo


Alumnado: 1º ESO



➤ **25N: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA**

**VI XORNADAS:
No Otero, queremos sen violencia**

25N Día Internacional contra a violencia cara a muller



1º ESO

Música contra a violencia
Mércores, 22 de novembro, ás 8.30h, no Paraninfo do Otero Pedrayo.

2º ESO

Programa de prevención de condutas violentas: acoso escolar e HHSS.
Martes, 21 de novembro, ás 13.10h, última sesión das tres que conformaron o programa

4º ESO

Charla Obradoiro: A trata de seres humanos. (Plan Proxecta Por 365 días de respecto e igualdade)
Luns, 27 de novembro, ás 16.50h, no Paraninfo do Otero Pedrayo.

24 de NOVEMBRO

- Lectura do manifesto no patio exterior e colga da pancarta na fachada do edificio histórico.
- En negro contra a violencia: o venres vestimos de negro.
- Reparto de pulseiras á entrada do edificio histórico.
- Bolboretas pola liberdade





➤ FESTIVAL DE NADAL

O punto final a este primeiro trimestre de curso, sempre o pon o Festival de Nadal. Humor, cante, baile, pezas instrumentais, curtametraxes... encheron o noso paraninfo as últimas horas da mañá. A rapazada gozou do talento dos seus compañeiros e compañeiras durante máis de hora e media que durou a gala. Son de salientar, ademais, as diferentes árbores que os diferentes departamentos (Plástica, Matemáticas, Ciencias, Biblioteca...) crearon para engalanar o noso centro.

Data: 22 de decembro

Lugar: Paraninfo



➤ **PRESENTACIÓN DO LIBRO DAS MARABILLAS**



Data: 29 de xaneiro

Lugar: Paraninfo

Alumnado: Toda a comunidade educativa

➤ **TEATRO NA REDE**

Un ano máis e grazas ao Proxecto "Por 365 días de respecto e igualdade", o alumnado do IES Otero Pedrayo puido gozar da sempre marabillosa interpretación de Estíbaliz Veiga en "Mozas na rede", unha peza na que a actriz lle dá vida a diferentes rapazas que sufriron Gooming, un problema que, por desgraza, medra día a día na nosa sociedade.

Data: 7 de febreiro

Lugar: Paraninfo

Alumnado: 2º ciclo da ESO



➤ ENTROIDO

Rematadas as comandas da nosa parella de mecos Barbie, chegou a celebración do Entroido no IES Otero Pedrayo!

Un ano máis, os amigos e amigas do Centro Interxeracional da Farixa acompañáronnos no festexo, integrándose nas comparsas de 4º ESO, participando de xurado e tamén de público. No Otero sabemos que o traballo en conxunto é o mellor antídoto contra toda esa serie de prexuízos relacionados coa idade. Un ano máis dicimos: "Fóra idadeismos!"

Pero iso non foi todo... Co obxectivo de darlle a coñecer ao alumnado as figuras do noso Entroido máis tradicional, este ano visitou o centro... un FELO de Maceda! O felo percorreu as aulas do Otero Pedrayo co seu tocar de chocas, meténdose coa rapazada e chamándoa á festa; tamén nos acompañou no desfile. Grazas á Asociación de Felos da Corga da Serra por conservar e espallar esta tradición tan rica da nosa terra.

Polo demais, moita, moita música, baile e diversión:

- Batalla de coreografías de 1º BAC, cun nivelón fóra de serie. 1º BAC A, B, C, D, E e F pelexaron polo tan prezado 1º posto nun concurso de baile que nos deixou a todos coa boca aberta...

- Na ESO non baixou o listón! Un ano máis, TODOS os grupo de todos os niveis da ESO (15, nada menos!) participaron no desfile-concurso escollendo un disfraz para a clase, unha presentación e unha coreografía, con todo o que iso implica de negociación, cesións, empatía etc. Todo un éxito que se reflectiu na pista.

- E aínda quedaba unha última sorpresa: a córeo grupal de toda a ESO máis profesorado, capitaneada por Xiana Gómez, de 2º BAC. Profes e alumnos bailando, compartindo, disfrutando e tecendo lazos máis estreitos. De verdade que foi espectacular.

Dicía Anxo Cid, profe de EF, que o mantemento das dinámicas cooperativas no centro son sinónimo de boa convivencia e bo funcionamento. Así o cremos e por ese traballo en equipo apostamos e seguiremos apostando.

Data: 9 de febreiro

Lugar: IES

Alumnado: ESO



➤ **PRESENTACIÓN OCEANOE. TRAVESIA POLO MAR DAS ANTELAS.**



Data: 22 de febreiro

Lugar: Paraninfo

Alumnado: Toda a comunidade educativa

➤ **PROXECTO DE INVESTIGACIÓN STEM BACH**

Os alumnos de 2º BAC Alexandre Conde Julián e Raúl Dapía Justo defenderon no Paraninfo do IES Otero Pedrayo o seu traballo de investigación "¿Racismo en los libros de texto? Una reflexión narrativa-visual", dentro do marco STEM BACH.

Nel analizaron e compararon como se trata o tema das razas humanas en dous libros de texto separados por case un século: un de Historia Natural do ano 1910 e outro de Antropoloxía do 2009. Foi unha exposición magnífica, avalada por un traballo magnífico.

Data: 20 de febreiro

Lugar: Paraninfo

Alumnado: Toda a comunidade educativa



➤ PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

O 23 de febreiro, na Fundación Ramón Otero Pedrayo, o noso alumnado de 2º STEMBACH presentaba dous novos traballos de investigación.

Por un lado, Lucía González Vázquez, titorizada pola profesora do noso centro Elvira Moroño e o profesor da Universidade de Vigo Manuel Forcadela, facía unha defensa brillante do seu traballo "Poesía e xeografía en Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar", na que mesturou novas tecnoloxías (a xeolocalización da toponimia da Bocarribeira) e a literatura.

Por outro lado, Celia Rodríguez Fernández, Nerea Rodríguez Andrade e Lidia Rodríguez Domínguez, titorizadas polo profesor do centro Daniel Lorenzo Valdivieso e a profesora da Universidade de Vigo Susana Reboreda Murillo, presentaron "Otero Pedrayo alumno. Traxectoria no centro que leva o seu nome", un traballo excelente no que revelaron, con respecto á figura de don Ramón, os datos obtidos do vaciado do arquivo do IES Otero Pedrayo (1898-1905). Rematou a exposición, coa entrega de copias de toda esta nova documentación á Fundación.

Data: 23 de febreiro

Lugar: Paraninfo

Alumnado: Toda a comunidade educativa



➤ ALCOL E DROGAS NA MOBILIDADE SEGURA

Grazas á Concellaría de Educación e á Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense, un ano máis o alumnado de 4º da ESO puido asistir a unha charla-obradoiro sobre a importancia de movernos de xeito seguro, vaíamos en bicicleta, moto, coche, patín ou calquera outro medio.

Os nosos rapaces e rapazas, a través de lentes de simulación, puideron comprobar os efectos do alcol e das drogas en primeira persoa, así como facer as probas grazas aos etilómetros e drogotest que os axentes trouxeron ao centro.

Data: 18 de xaneiro

Lugar: Patio interior



➤ **ENGÁNCHATE AO VOLUNTARIADO!**

A través de APES (Asociación para a prevención e educación social) o alumnado de 1º ESO puido asistir a unha charla impartida por catro persoas reclusas do cárcere de Pereiro na que se falou sobre a importancia do voluntariado como alternativa para favorecer o desenvolvemento e as relacións sociais, desde unha visión positiva e comprometida coa comunidade. Ademais, tamén se insistiu en como o voluntariado é unha ferramenta eficaz para previr a aparición de condutas de risco, ao mesmo tempo que fomenta hábitos positivos nas persoas. (Departamento de Orientación. Ver memoria)

Data: 7 de marzo

Lugar: Paraninfo

Alumnado: 1º ESO

➤ **8M, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Exposición linguaxe sexista e algo máis...

2º ESO

- **Scape room pola Igualdade**
Concellaría de Educación. Concello de Ourense.
Luns, 4 de marzo. 2º A, B de 9.20h- 11.00h/ 2º C, de 11.30h- 13.10h

3º ESO

- **“Violencia machista nas relación de parella na mocidade”.**
Plan proxecta “Por 365 días de respecto e igualdade”.
Luns, 4 de marzo. 16.00h- 17.30h

4º ESO A e D

- **Dinámica de xénero aplicada á educación.**
Plan proxecta “Por 365 días de respecto e igualdade”.
Luns, 4 de marzo. 11.30h- 13.00h

4º ESO B e C

- **“As mulleres nas carreiras científicas”.**
Programa prensa-escuela La Voz de Galicia.
Luns, 18 de febreiro. 12.20h- 13.10h

1º BAC D, E, F

2º BAC D, E

- **“As mulleres que nos levaron á lúa”.**
Luns, 13 de marzo. 13.10h- 14.00h

1º BAC A, B, C

- **Teatro: “Insubmisa”.** Auditorio provincial
Concellaría de Educación. Concello de Ourense.
Mércores, 6 de marzo. 11.30h- 13.10h

Colocación da pancarta no balcón do edificio histórico, lectura de manifesto e visionado de curtametraxe pola igualdade durante o proxecto lector do venres, 8M


• **Scape room pola igualdade para 2º ESO**

Actividade ben bonita á que asistiu o alumnado de 2º ESO co gallo do Día Internacional da muller: un scape room centrado nelas. Isabel Zendal, Agatha Christie, Valentina Tereshkova... foron protagonistas neste xogo de pistas (auditivas, musicais, matemáticas, de lóxica...) que lle permitiron á nosa rapazada ir abrindo cofres, “críptex”, figuras... ata chegar ao final. Xogo divertido, á vez que moi didáctico e pedagóxico.



- **“Violencia machista nas relacións de parella na mocidade”** para 3º ESO
- **Dinámica de xénero aplicada á educación**, para 4º ESO A e D
- **“As mulleres nas carreiras científicas”** para 4º ESO B e C

Grazas ao programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia, pechamos a programación do 8M, Día da Muller, coa visita ao noso centro da científica Zulema Varela Río, investigadora con bolsa postdoctoral no departamento de Bioloxía funcional e do grupo ECOTOX. Falounos desde a súa perspectiva como muller e bióloga, aportando interesantes datos sobre o seu traballo e sobre as desigualdades que, pese a todos os esforzos, continúan presentes no mundo científico: o ser muller segue a ser un hándicap.



- **“As mulleres que nos levaron á lúa”** para 1º BAC e 2º BAC
- **Teatro “Insubmisa”** para 1º BAC
Dentro da programación do Día Internacional da Muller e grazas á Concellaría de Educación de Ourense, o alumnado de 1º BAC asistiu hoxe no Auditorio á representación teatral de Insubmisas, montaxe baseada nun texto de Jose Vaquero, inspirado na personaxe mitolóxica de Medea.
A peza xoga coa estrutura clásica do "agón", o combate verbal que vertebra as grandes traxedias da Grecia clásica, e con ela preténdese "construír unha reflexión sobre un dos mecanismos de control máis insidiosos do patriarcado: a reconstrución do relato".
- **Exposición “Sen Cancelas”**



➤ **CURSO DE CAPACITACIÓN DIXITAL**

A promotional poster for a digital training course. It features the IES Otero Pedrayo logo on the left. The main title is 'Curso de Capacitación Dixital NIVEL BÁSICO' in a yellow box. Below the title, there are several bullet points with checkboxes: 'Impartido no IES Otero Pedrayo (Xardín do Posío)', 'Dirixido a calquera persoa que non pertenza ao sistema educativo regrado (traballadores/as, parados/as, xubilados/as)', 'Horarios e datas: Luns e mércores: de 18.00h a 20.30h - do 8 de abril ao 20 de maio. Martes e xoves: de 18.00 a 20.30h do 9 de abril ao 16 de maio', and 'Nivel inicial, con adaptación aos contidos dixitais máis básicos'. On the left side, there are two yellow boxes: 'Con certificación oficial de 30 horas' and 'Gratuito'. At the bottom right, a yellow speech bubble contains contact information: 'INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN: ies.otero.pedraio.ourense@edu.xunta.gal Teléfono: 988 220247'. The background is a blue digital-themed image with binary code. At the bottom, there are logos for 'Financiado pola Unión Europea NextGenerationEU', 'Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia', and 'XUNTA DE GALICIA'.

➤ **DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA**

Desde o 11 de febreiro, día que conmemoramos o papel das mulleres e as nenas na ciencia, foron moitas as actividades ligadas a esta efeméride: táboa periódica na que cada elemento está ligado cunha muller científica, cos logros que esta acadou; presentación do proxecto "A Minúscula" polas nosas "científicas" Noa Vilas e Noa Pedrero; obradoiros de papiroflexia dirixidos pola nosa "matemática" Ana Cascón; exposición nos corredores do edificio histórico...



➤ **DÍA DA POESÍA**

Recital da poeta SILVIA PENAS, selección de obra poética, "caixa de poemas", reinterpretando a Lorca...
A semana da poesía non puido ser máis linda grazas á organización da Biblioteca.

Data: marzo

Lugar: Biblioteca, paraninfo

Alumnado: ESO e BAC



➤ **"OTERO PEDRAYO NO IES CONCEPCIÓN ARENAL"**

O 22 de marzo recibiamos no noso centro a 90 alumnos/as e 5 profes do instituto ferrolán para presentarnos o libro "Otero Pedrayo no IES Concepción Arenal", creado a partir dun manuscrito inédito de don Ramón atopado pola bibliotecaria Isabel Yáñez

O breve texto, de puño e letra do patriarca das nosas letras, acabou convertido, grazas a Elvira Roiz, xefa de departamento de Galego, e a implicación doutros colaboradores, nunha publicación de 54 páxinas que non só rende tributo á figura do autor, senón que recolle tamén parte da historia do emblemático centro ferrolán, como ben nos contaba onte Manuel Rei, director do IES



➤ **2 de abril, DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN DO AUTISMO**

No IES Otero Pedrayo queremos darlle visibilidade.

No IES Otero Pedrayo queremos unha sociedade inclusiva, diversa, con igualdade de oportunidades, xusta.



➤ **PREMIO ANUAL OTERO PEDRAYO PARA ESTUDANTES**

O día 10 de abril, na casa-museo de Trasalba, nun acto ben bonito, cargado de moooita, moita emoción, as nosas alumnas Lucía González (categoría individual) e Celia Rodríguez, Nerea Rodríguez e Lidia Rodríguez (categoría colectiva) recollían na Fundación Otero Pedrayo os seus premios polos traballos de investigación levados a cabo arredor da figura de don Ramón.

Data: 10 de abril

Lugar: Fundación Otero Pedrayo



➤ DÍA DO LIBRO

O 23 de abril celebramos o Día do libro cunha chea de actividades: troco de libros, cita a cegas cun libro, fallo do concurso ao mellor marcapáxinas e, como non, lectura dos nosos libros... Organizou a xornada a Biblioteca do centro.



➤ XORNADAS POLA DIVERSIDADE

Neste curso, creamos no instituto un grupo de apoio á diversidade, “Otero Diverso”, co obxectivo de facer do noso centro un lugar máis inclusivo e seguro. E neste marco, organizamos as I Xornadas pola diversidade.

I XORNADA POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL “Otero Diverso”

- ❑ **1º ESO:** Obradoiro diverso: visibilizamos a diversidade. Tutorías
- ❑ **2º ESO:** Lectura pola diversidade: *Mamá, quero ser Ziggy Stardust*. Encontro coa escritora Iria Misa. Xoves, 2 de maio, 11.30h
- ❑ **3º ESO:** Dinámica “Isto non se pregunta”, co músico, cantante e activista trans Éric Dopazo. Luns, 29 de abril, ás 12.20h e 13.10h
- ❑ **4º ESO e 1º BAC:** Obradoiro pola diversidade: “LGTBIQ+. O significado das letras.” Xoves, 25 de abril, ás 11.30h, 12.20h e 13.10h
- ❑ **Familias:** Escola de familias. Atención á Diversidade Afectivo-Sexual e de xénero, con Ana Ojea, activista e coordinadora da asociación Rede Educativa de apoio LGTBIQ+ de Galicia. Mércores, 8 de maio, ás 19.00h

Por un centro diverso e inclusivo!

ESPAZO LIBRE DE TRANSFOBIA



➤ **GRADUACIÓN: 4º ESO e 2º BAC**

Hai momentos vividos no Otero ben especiais! Un deles son as graduacións do alumnado de 4º ESO e 2º BAC. A lembranza dos anos no centro sempre está cargada de maxia, emotividade, risos e algunha que outra bágoa. A graduación de 4º ESO foi no Paraninfo do Otero Pedrayo, o 21 de xuño; a de 2º BAC celebrámola no Auditorio Provincial, con convite ás familias, no mes de maio, nada máis remataren as aulas.



➤ **FIN DE CURSO**

Como é habitual, pechamos o curso 2023-2024 con dúas actividades que xa son un clásico no Otero Pedrayo: o festival fin de curso para 1º e 2º da ESO e diferentes xogos deportivos para 3º e 4º ESO (voleibol, floorball, baloncesto e brilé).

Data: 21 de xuño

Lugar: Paraninfo e Pompeo

Alumnado: ESO



➤ **EXCURSIONS FIN DE CURSO:**

- **Londres** (16- 20 de xuño). Coñeceron a capital británica 47 nenos e nenas de 4º ESO, acompañados polos seus profesores e profesora Juan Aguado, Manuel Sánchez e María Barreira.



- **O Porto** (19- 21 de xuño). Acompañados polas profesoras Remedios Sánchez e Raquel Saa viaxaron ao Porto 38 alumnos e alumnas de 3º ESO.



- **Picos de Europa** (18- 22 de xuño): 40 rapaces e rapazas de Picos de 2º ESO visitaron zonas de Asturias e Cantabria, acompañados polo director do centro, Daniel Lorenzo, e a profesora Mónica Rodríguez.



IV. VISITAS AO MUSEO DO IES OTERO PEDRAYO

Como cada ano, o novo alumnado do centro (1º ESO e 1º BAC) fai unha visita guiada ao noso museo pedagóxico co fin de coñecelo e poñelo en valor, algo fundamental para que logo sexa respectado e valorado.

O noso museo botara a andar no ano 2009 grazas ao traballo infatigable de docentes como Conchita López, María Xosé Camba, Maíta Borrajo, Ramón Romero, Antonio Villar, Arturo Fernández ou Luis Fernández, entre outros.

No ano 2019 decidiuse sacar os fondos museísticos da sala na que se atopaban e ubicalos nos corredores e paraninfo do edificio histórico, integrándoos na súa magnífica arquitectura.

Na actualidade, é posible realizar a visita seguindo as indicacións dunha audioguía plurilingüe (galego, castelán, inglés e francés) á que se accede facilmente a través de códigos QR. Este traballo foi dirixido maxistralmente polos compañeiros de Ciencias Pilar Rodríguez e José Manuel Puente e nel colaboraron os catro departamentos de linguas do Otero Pedrayo.

A partir de agora, o museo, pertencente á rede MUPEGA, queda aberto a toda a cidadanía en horario vespertino, facendo unha reserva previa.

Data: mes de outubro

Lugar: Edificio histórico

Alumnado: ESO e BAC



III. MEMORIA DO BANCO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

Un ano máis, foi publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde do 07 de maio de 2024, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e material escolar en centros escolares sostidos con Fondos Públicos.

O IES Otero Pedrayo, como centro público que é, tramitou as solicitudes de participación do noso alumnado e realizou os demais actos de xestión previstos nesta orde.

No curso actual, houbo que renovar todo o fondo dos cursos pares (2º e 4º da ESO), adquirindo 256 libros de texto cuxo importe ascendeu a 27.585€.

En total, foron **963** os libros de texto prestados neste curso 2023-2024 e **248** os alumnos e alumnas beneficiarios.

Presentamos, a continuación, un desglose dos libros por curso cedidos ao noso alumnado.

CURSO	Nº DE EXEMPLARES
1º ESO	290
2º ESO	263
3º ESO	238
4º ESO	172

O 21 de xuño de 2024 foron devoltos estes 963 libros dados en préstamo e quedan en depósito para ser entregados, previa solicitude, o curso vindeiro (2024/2025).

PLANS PROXECTA, CONTRATOS-PROGRAMA e CLUB DE CIENCIAS

O IES Otero Pedrayo contou este curso con:

➤ **PLANS PROXECTA:**

Desenvolvemos dous programas de innovación educativa centrados na igualdade (“Por 365 días de respecto e igualdade” e “Donas de si”), e un programa deportivo (“Proxecto deportivo de centro”). Achéganse memorias.

➤ **CONTRATOS- PROGRAMA:**

Ao longo do curso, levamos a cabo varios contratos-programa: IGUALA-T, CONVIVE-T, INCLÚE-T, EMOCIONA-T. Achéganse memorias.

➤ **CLUB DE CIENCIAS:**

O departamento de Ciencias desenvolveu, un curso máis, un club de ciencias centrado na colocación e clasificación da importantísima colección de rochas e minerais coa que conta o centro. Achégase memoria.

